

Parece mentira que pasara un ano desde as nosas vacacións en Alicante, pero é así.

Pois para non perder tan sana costume e, como sempre facemos, convivir en harmonía entre nós, celebrando a vida e disfrutando todos xuntos, con alegría, das marabillas paixasísticas e monumentais da Península Ibérica, este ano pecharemos o inverno viaxando á

COSTA DOURADA (TARRAGONA)

Fixaremos a nosa residencia en **Salou**, cidade turística bañada polo Mediterráneo e considerada como a capital da Costa Dourada. Desde alí viaxaremos polos seus entornos co fin de coñecer os importantes enclaves monumentais e naturais que encerra esa terra.

Anímate e ven!

ITINERARIO

Saída ás **8 da mañá** de Samos o día **13 de abril**. Parada en Astorga para facer un descanso e despois Xantar e pernoctar en Burgos.



BURGOS: : Fermosa cidade na que polas súas rúas aínda se palpa o espírito do Cid Campeador. Na súa catedral, Patrimonio da Humanidade, son fermosísimas as torres que parecen pinchar o ceo.

Día 14: Chegada a **Salou**, onde nos hospedaremos no hotel ata o día 19.

: A cidade de **SALOU**, fundada polos gregos no s. VI a. C., é na actualidade o centro turístico mais importante da provincia de Tarragona.



Desde Salou viaxaremos a:

MONTBLANC: Capital da Comarca da Conca de Barberá, é unha Vila Ducal cuxo casco antigo foi declarado Conxunto Histórico-Artístico en 1948. É un dos enclaves amurallados medievais mais completos de Cataluña.



TORTOSA: Importante centro comercial. Edifícios relevantes, entre outros: o Castelo de San Xoán, a Catedral de Snta. María e o Real Colexio de S. Jaime, que é a construción renacentista mais sobresaínte de Cataluña.



DELTA DO EBRO: Terra plana de 320 km² de superficie, orixinada polo depósito de limos do río Ebro. Parque Natural de enorme valor pola súa riqueza biolóxica, constitúe o hábitat acuático mais importante das zonas húmidas do Mediterráneo. Gran parte da súa superficie está adicada á agricultura, sobre todo ao cultivo do arroz. As poboacións beneficiarias da riqueza do delta son, entre outras: San Carles de la Rápita, l´Ampolla, l´Atmella de Mar...



Vista xeral do Delta do Ebro

PRADES: Chamada pola súa cor “Vila Vermella”, encóntrase a 940 m. de altitude na comarca do Baix Camp. Foi declarada Conxunto Histórico no ano 1993.



TARRAGONA: Durante o Imperio Romano foi unha das principais cidades da Península Ibérica e o seu conxunto arqueolóxico é Patrimonio da Humanidade. O fermoso “Balcón do Mediterráneo” é un dos puntos de maior interese da cidade.



Visitaremos, tamén, fermosos **MOSTEIROS: POBLET** (Patrimonio da Humanidade, **LES SANTES CREUS** e **VALLBONA DE LES MONGES** (Monumentos Nacionais).



Mosteiro de Snta. María de Poblet

E disfrutaremos paseando por: : **PEÑÍSCOLA (CASTELLÓN)**, co famoso e fermoso castelo do Papa Luna; **ZARAGOZA**, etc.



VACACIÓNS-CONVIVENCIA PARA OS MAIORES NA COSTA DOURADA (TARRAGONA)

13 -20 ABRIL DE 2012



Anfiteatro romano de Tarragona